

A CULTURA É UN DEREITO

.....

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

.....

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

NANI CASAL

(GATOS DE MELIDE)

Nado en Melide no 1965, dende 1997 leva ó frente de PUB GATOS en Melide (A Coruña), un pobo duns 8.000 habitantes e con irregular convocatoria de música en directo nos locais da vila. Programador, picadiscos e na maioría das ocasións técnico de son, consegue acadar unha programación estable no citado local pasando a ser considerado ós poucos anos como SALA PUB GATOS, xa que chégase a programar máis de 50 concertos por ano, chegando a ser finalista dos Premios Martín Codax na categoría de Salas no ano 2023.

Tamén é socio fundador da Asociación Galega de Salas Privadas de Música Ao Vivo "Clubtura".

Ó longo destes anos participa activamente en circuítos consolidados da música tanto a nivel autonómico: RGMV, Club E, Xacobeo nas Salas; como nacionais: GPS, Artistas en Ruta- AIE, Día da Música e incluso internacionais como o Día Europeo da Música e Outonalidades.